



Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/6046/2024 09/04/2024

Area / Unidade RR.HH PE0000 SLR	Documento 10818I03GL	
Código de verificación  3A28 4S4N 6Y16 600D 0C3Q	Expediente 108/2024/556	
	Data 01-04-2024	

Asunto: CONVOCATORIA FASE DE RESULTAS CONCURSO ORDINARIO C.E. 1/19

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Mediante resolución da concelleira delegado de Facenda e Administración, de data 24/05/2019, aprobáronse as bases da convocatoria do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo no Concello da Coruña C.E. 1/19 (BOP núm. 107, do 7/06/2019). A relación de postos de traballo ofertados na dita convocatoria foi modificada por resolución do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, de data 26/06/2020, e corrixida mediante resolución do 09/07/2020 (BOP núm. 96, do 29/06/2020 e BOP núm. 107 do 17/07/2020). Posteriormente, modificada mediante resolución do 15/01/2021, en execución da sentenza do xulgado do contencioso – administrativo núm. 2 da Coruña, de data do 19/10/2020. O anuncio da devandita convocatoria foi publicado no BOE núm. 215 do 10/08/2020 e no DOG núm.178 do 02/09/2020.

Segundo.- Por resolución, de data 15/11/2023, do concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana (BOP núm. 226, do 27/11/2023; BOP núm. 233, do 7/12/2023), resolveuse a primeira fase do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo no Concello da Coruña C.E. 1/19 coa adxudicación dos postos de traballo ofertados no Anexo I das bases da convocatoria segundo se indica no apartado primeiro.

Terceiro.- Mediante resolución, de data 03/01/2024, do concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, publicada na mesma data no xestor de contidos Alfresco e na páxina web municipal www.coruna.gal, iniciouse a tramitación da fase de resultas prevista nas bases da convocatoria do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo C.E. 1/19 (BOP núm. 107, do 7/06/2019) coa apertura dun trámite de audiencia, de 10 días hábiles, no que as persoas interesadas puideron consultar o expediente do procedemento e realizar as alegacións que estimasen procedentes. Este prazo foi ampliado en dous días mediante resolución, do 17/01/2024, do concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, estando aberto desde o 04/01/2024 ata o 19/01/2024.

Nesta mesma resolución, do 03/01/2024, indicábase que unha vez rematado o trámite de audiencia, se emitiría unha resolución na que se daría resposta, no seu caso, ás alegacións presentadas durante o dito trámite, e na que se abriría o prazo de presentación de solicitudes de participación na fase de resultas do concurso ordinario C.E. 1/19. Como anexo a esta resolución incluíase a relación dos postos de traballo que se ofertarían na fase de resultas.

Cuarto.- Durante o trámite de audiencia indicado no punto anterior presentáronse as seguintes alegacións, que foron resultas (resolución de trámite do concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, de data 08/03/2024) no sentido que se indica a continuación:

- María Luisa Martínez Pujalte: alega que no anexo dos postos de traballo ofertados na fase de resultas do concurso ordinario (CE 1/19), existe un erro material na descrición do posto con referencia 209. No dito anexo o complemento específico do posto 0209 inclúe o factor de especial dedicación, cando segundo a RPT vixente o dito posto non ten incluído ese factor no complemento específico.

Revisada a RPT vixente no Concello da Coruña, conséntase que o posto con referencia 0209 non ten incluído no seu complemento específico o factor de especial dedicación “ED”. As características do posto segundo a RPT refléxanse na seguinte táboa:

REF.	POSTO	UNIDADEE ORGAN.	SERVIZO	GR.	NIVEL	ESCALA	ESPECÍFICO
0209	Técnico/a Superior de Promoción Económica	Promoción Económica	Emprego e Empresa	A1	22	AE	FR10

En consecuencia, procede estimar esta alegación e corrixir o erro material mencionado, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, que dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

- Oscar Eiroa Patiño: solicita que no posto con referencia 1200 xefatura de sección de Inspección Ambiental do Servizo de Medio Ambiente se modifique a escala administrativa de AX/AX a AE, en correspondencia coas titulacións requiridas para poder concursar ao indicado posto.

Revisada a RPT vixente no Concello da Coruña, conséntase que o posto con referencia 1200 está incluído na escala de Administración Especial. As características do posto segundo a RPT refléxanse na seguinte táboa:

REF.	POSTO	UNIDADEE ORGAN.	SERVIZO	GR.	NIVEL	ESCALA	ESPECÍFICO
1200	Xefe/a de Sección	Inspección Medioambiental	Medio Ambiente	A1/A2	24	AE	FR11 ED

En consecuencia, procede estimar esta alegación e corrixir o erro material mencionado, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, que dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

- Mónica María Insua Caamaño: en primeiro lugar alega que, no anexo de postos de traballo ofertados na fase de resultas, os postos de traballo con número de referencia 0080, 0084, 0087 e 0088, xestor/a económico-orzamentario/a, figuran unicamente abertos ao subgrupo A2, cando na RPT vixente están abertos tamén ao subgrupo A1.

Revisada a RPT vixente conséntase que os postos con referencia 0080, 0084, 0087 e 0088 están abertos ao subgrupo A1 e A2. En consecuencia, procede estimar esta alegación e corrixir o erro



Concello da Coruña

material mencionado, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, que dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En segundo lugar, a interesada refire que interpuxo dous recursos de reposición indirectos contra as bases do concurso. En canto a dita referencia da interposición de recursos, non é obxecto desta fase de alegacións e a súa resolución notificárase en canto exista unha resolución expresa dos mesmos.

- Ana Isabel Filgueiras Espasandín, como secretaria da sección sindical da CIG: alega a exclusión dos seguintes postos de traballo, no anexo que inclúe a resolución do 03/01/2024, e solicita que se inclúan nos postos ofertados na fase de resultas:
 - Posto referencia 329, xefatura do Departamento de Exposicións, Coleccións e Museos Históricos. Este posto foi incluído no Anexo I de postos ofertados na primeira fase do concurso, de acordo coa RPT vixente naquel momento, para a súa ocupación requirírase estar en posesión da titulación universitaria de humanidades, historia do arte ou Belas Artes. Ningunha das persoas participantes nesta primeira fase do concurso solicitou este posto como primeira opción.

O 20/06/2023 a comisión de valoración do concurso ordinario C.E. 1/19 realizou a proposta de adxudicación definitiva, na dita resolución o posto 329 non resultou adxudicado. Con data do 18/10/2023, publicouse unha corrección da resolución definitiva de adxudicación que non afectou á situación do posto 329. Por tanto, no momento en que se aprobou inicialmente á modificación da RPT na que se modificaban os requisitos de ocupación do posto 329, o 30/08/2023, esta Administración xa tiña constancia de que a súa cobertura quedara deserta por non ser solicitado por ningunha persoa que cumprise os requisitos de ocupación como primeira opción, non existindo ningunha persoa interesada no procedemento afectada por esta modificación. En sesión do 11/10/2023 a Xunta de Goberno Local aprobou definitivamente á modificación da RPT (BOP núm. 199 do 18/10/2023), que incluía cambios nos requisitos de ocupación do posto 329.

En canto á solicitude da súa incorporación ao anexo de postos ofertados na fase de resultas, debe ser desestimada tendo en conta que, incorporar este posto na fase de resultas, tendo sido modificados os seus requisitos de ocupación con respecto a primeira fase, podería causar prexuízos a aquelas persoas participantes na primeira fase do concurso que non o solicitaron por non cumprir os devandito requisitos naquel momento.

- Posto referencia 386, músico/a. Este posto de traballo ten como requisito de ocupación estar en posesión do título habilitante de músico. De acordo coas bases do concurso ordinario C.E. 1/19, só poderán participar na fase de resultas aquelas persoas que, habendo participado na primeira fase, non se lle adxudicase ningún posto. Unha vez revisada a relación de persoas que cumpren o devandito requisito de participación, compróbase que ningunha posee a titulación esixida na RPT para a ocupación do posto 386. Por tanto, desestímase a solicitude de incorporalo á relación de postos ofertados na fase de resultas do concurso ordinario C.E. 1/19, ao non poder ser ocupado por ningunha das persoas que poden participar na dita fase.
- Posto referencia 1467, traballador/a social. Este posto foi incluído no Anexo I de postos ofertados na primeira fase do concurso ordinario C.E. 1/19, en porén, trátase dun posto base

de entrada para o persoal de novo ingreso nas prazas de traballador/a social, por tanto, non é un posto que debe ser incluído nun procedemento de progresión na carreira vertical.

Na actualidade este posto está ocupado por unha funcionaria interina, por tanto, non pode ser incluído na relación de postos ofertados na fase de resultas do concurso ordinario C.E. 1/19.

- Posto referencia 1750, xefatura da Unidade de Apoio Administrativo de Mobilidade Urbana. Este posto foi excluído do Anexo I de postos ofertados na primeira fase do concurso ordinario C.E. 1/19, mediante unha resolución de corrección de erros, do 09/07/2020, do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (BOP núm. 107 do 14/07/2020). Nesta resolución indicábase que se debía excluír do Anexo I de postos ofertados o posto con referencia 1750 por estar ocupado en adscrición definitiva por unha funcionaria. Por tanto, desestímase a súa solicitude de incluílo na relación de postos ofertados na fase de resultas do concurso ordinario C.E. 1/19.
- Cristina Díaz Mira: alega a exclusión dos seguintes postos de traballo, no anexo que inclúe a resolución do 03/01/2024, e solicita que se inclúan nos postos ofertados na fase de resultas:
 - Posto referencia 329, xefatura do Departamento de Exposicións, Coleccións e Museos Históricos. Este posto foi incluído no Anexo I de postos ofertados na primeira fase do concurso, de acordo coa RPT vixente naquel momento, para a súa ocupación requiríase estar en posesión da titulación universitaria de humanidades, historia do arte ou Belas Artes. Ningunha das persoas participantes nesta primeira fase do concurso solicitou este posto como primeira opción.

O 20/06/2023 a comisión de valoración do concurso ordinario C.E. 1/19 realizou a proposta de adxudicación definitiva, na dita resolución o posto 329 non resultou adxudicado. Con data do 18/10/2023, publicouse unha corrección da resolución definitiva de adxudicación que non afectou á situación do posto 329. Por tanto, no momento en que se aprobou inicialmente á modificación da RPT na que se modificaban os requisitos de ocupación do posto 329, o 30/08/2023, esta Administración xa tiña constancia de que a súa cobertura quedara deserta por non ser solicitado por ningunha persoa que cumprise os requisitos de ocupación como primeira opción, non existindo ningunha persoa interesada no procedemento afectada por esta modificación. En sesión do 11/10/2023 a Xunta de Goberno Local aprobou definitivamente á modificación da RPT (BOP núm. 199 do 18/10/2023), que incluía cambios nos requisitos de ocupación do posto 329.

En canto á solicitude da súa incorporación ao anexo de postos ofertados na fase de resultas, debe ser desestimada tendo en conta que, incorporar este posto na fase de resultas, tendo sido modificados os seus requisitos de ocupación con respecto a primeira fase, podería causar prexuízos a aquelas persoas participantes na primeira fase do concurso que non o solicitaron por non cumprir os devandito requisitos naquel momento.

- Posto referencia 386, músico/a. Este posto de traballo ten como requisito de ocupación estar en posesión do título habilitante de músico. De acordo coas base do concurso ordinario C.E. 1/19, só poderán participar na fase de resultas aquelas persoas que, habendo participado na primeira fase, non se lle adxudicase ningún posto. Unha vez revisada a relación de persoas que cumpren o devandito requisito de participación, compróbase que ningunha



posee a titulación esixida na RPT para a ocupación do posto 386. Por tanto, desestímase a solicitude de incorporalo á relación de postos ofertados na fase de resultados do concurso ordinario C.E. 1/19, ao non poder ser ocupado por ningunha das persoas que poden participar na dita fase.

- Posto referencia 1467, traballador/a social. Este posto foi incluído no Anexo I de postos ofertados na primeira fase do concurso ordinario C.E. 1/19, en porén, trátase dun posto base de entrada para o persoal de novo ingreso nas prazas de traballador/a social, por tanto, non é un posto que debe ser incluído nun procedemento de progresión na carreira vertical.

Na actualidade este posto está ocupado por unha funcionaria interina, por tanto, non pode ser incluído na relación de postos ofertados na fase de resultados do concurso ordinario C.E. 1/19.

- Posto referencia 1750, xefatura da Unidade de Apoio Administrativo de Mobilidade Urbana. Este posto foi excluído do Anexo I de postos ofertados na primeira fase do concurso ordinario C.E. 1/19, mediante unha resolución de corrección de erros, do 09/07/2020, do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (BOP núm. 107 do 14/07/2020). Nesta resolución indicábase que se debía excluír do Anexo I de postos ofertados o posto con referencia 1750 por estar ocupado en adscrición definitiva por unha funcionaria. Por tanto, desestímase a súa solicitude de incluílo na relación de postos ofertados na fase de resultados do concurso ordinario C.E. 1/19.

- Blanca Igualada Sañudo: solicita que se deixe sen efecto o punto segundo da resolución do 03/01/2024, do Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, respecto da súa participación na fase de resultados do concurso ordinario C.E. 1/19. Analizada a lexislación relativa á obrigatoriedade de participación no concurso ordinario C.E. 1/19 do persoal que está en adscrición provisional, desestímase a súa solicitude.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeira.- As bases da convocatoria do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo no Concello da Coruña C.E. 1/19, aprobadas mediante resolución da concelleira delegado de Facenda e Administración, de data 24/05/2019 (BOP núm. 107, do 7/06/2019), sinalan no seu punto primeiro que o concurso constará de dúas fases: unha primeira fase que terá por obxecto a convocatoria das vacantes ofertadas no Anexo I que inclúen as ditas bases, e unha segunda fase que *“se iniciará unha vez rematada a primeira fase, que recollerá os postos que queden vacantes unha vez resolta a adxudicación da primeira fase. Nesta última fase, o persoal funcionario que participase na primeira fase poderá solicitar, no prazo especialmente habilitado para este efecto, os postos que poidan resultar vacantes a consecuencia da adxudicación dos postos ofertados no anexo I. A adxudicación dun posto a resultados está condicionada a que o solicitante non obteña ningún dos postos convocados no anexo I e a que o dito posto sexa de necesaria cobertura.”*

Así mesmo, a base cuarta dispón *“Unha vez rematada a primeira fase, abrirase unha fase de resultados que recollerá os postos que queden vacantes unha vez resolta a adxudicación da primeira fase. O persoal funcionario que participase na primeira fase poderá solicitar, no prazo de quince días, os postos que poidan resultar vacantes a consecuencia da adxudicación dos postos ofertados*

no anexo I. Naqueles postos de traballo nos que sexa necesaria a presentación dunha memoria, esta axustarase ao disposto nas bases terceira e sexta.”

O contido desta base ten que ser relacionado co disposto no artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (en diante LEPG) que, en relación aos postos convocados por concurso, sinala *“os concursos para a provisión de postos de traballo poden convocarse para a xeneralidade dos postos de traballo vacantes, para postos de traballo dun determinado ámbito ou para postos de traballo concretos, en atención ás necesidades do servizo. En todo caso, non se incluírán neles os postos de traballo que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou rehabilitación ou por motivos de violencia de xénero ou de violencia sexual”,* e que entronca coa potestade de autoorganización do Concello recoñecida no artigo 4 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local.

Segunda.- Na resolución, de data 03/01/2024, do concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, publicada na mesma data no xestor de contidos Alfresco e na páxina web municipal www.coruna.gal, incluíase o seguinte anexo coa relación de postos de traballo ofertados na fase de resultas do concurso ordinario C.E. 1/19, nos seguintes termos:

ANEXO

POSTOS OFERTADOS NA FASE DE RESULTAS

REF	POSTO	UNIDADE ORGANIZATIVA	SERVICIO	GR	NIVEL	ESC	ESPECÍFICO	REQUISITOS	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA
0067	Jefatura Unidad	Asesoría Jurídica	Asesoría Jurídica	A2/C1	22	AG	FR09		F.A.G
0075	Técnico/a Coordinación y Evaluación	Presupuestos y Estudios Económicos	Presupuestos y Estudios Económicos	A1/A2	24	AG/AE	FR10 ED		
0080	Gestor/a Económico- Presupuestario/a	Presupuestos y Estudios Económicos	Presupuestos y Estudios Económicos	A2	22	AG	FR09 ED		
0084	Gestor/a Económico- Presupuestario/a	Presupuestos y Estudios Económicos	Presupuestos y Estudios Económicos	A2	22	AG	FR09 ED		
0087	Gestor/a Económico- Presupuestario/a	Presupuestos y Estudios Económicos	Presupuestos y Estudios Económicos	A2	22	AG	FR09 ED		
0088	Gestor/a Económico- Presupuestario/a	Presupuestos y Estudios Económicos	Presupuestos y Estudios Económicos	A2	22	AG	FR09 ED		
0109	Técnico/a Superior de Gestión	Hacienda	Gestión Tributaria	A1	22	AG	FR10		
0148	Inspector de Tributos	Inspección de Tributos	Gestión Tributaria	A1	24	AG	FR11 PI		
0173	Técnico/a Medio de Recursos Humanos	Administración de RR.HH.	Recursos Humanos	A2	20	AE	FR09 ED	4205;4221-22	
0205	Técnico/a Medio de Coordinación de Programas	Empleo	Empleo y Empresa	A2	20	AE	FR09		
0207	Jefatura Departamento	Promoción Económica y Comercio	Empleo y Empresa	A1/A2	26	AG/AE	FR12 ED		
0209	Técnico Superior Promoción de Económica	Promoción Económica y Comercio	Empleo y Empresa	A1	22	AE	FR10 ED		
0212	Técnico/a Local de Empleo	Promoción Económica y Comercio	Empleo y Empresa	A2	20	AE	FR09		
0259	Jefatura Departamento	Obra y concesiones de obras	Contratación	A1/A2	26	AG/AE	FR12 ED		
0262	Jefatura Unidad	Apoyo administrativo a Jefatura Contratación	Contratación	A2/C1	22	AG	FR09		F.A.G.
0330	Director Exposiciones y Colecciones	Exposiciones y Colecciones	Cultura y Memoria Histórica	A1/A2	24	AE	FR11 ED	5401-04;4403-04	



Concello da Coruña

REF	POSTO	UNIDADE ORGANIZATIVA	SERVICIO	GR	NIVEL	ESC	ESPECÍFICO	REQUISITOS	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA
0399	Dirección Adjunta Bibliotecas	Bibliotecas	Bibliotecas	A1/A2	22	AE	FR10 ED		Nivel III BM
0404	Técnico/a Medio de Biblioteca	Bibliotecas	Bibliotecas	A2	20	AE	FR09 JP AP1		Nivel II BM
0504	Jefe/a Administración Museos Científicos	Gestión Administrativa Museos Científicos	Museos Científicos	A1/A2	24	AG/AE	FR11 ED		Idiomas
1110	Administrativo/a	Seguridad Ciudadana	Seguridad Ciudadana	C1	20	AG	FR06		F.A.G.
1118	Jefatura de Sección	Gestión administrativa de Medio Ambiente	Medio Ambiente	A1/A2	24	AG	FR11 ED		
1119	Técnico/a Superior de Gestión	Gestión Administrativa de Medio Ambiente	Medio Ambiente	A1	22	AG	FR10		
1197	Técnico/a de Medioambiente	Proyectos y Gestión Energética	Medio Ambiente	A2	22	AE	FR09	4301;4303;4306	
1200	Jefatura de Sección	Inspección Medioambiental	Medio Ambiente	A1/A2	24	AG	FR11 ED	5101-02;5105;5107;5302;4303;4308. Carnet B	
1210	Inspector/a Adjunto/a de Medio Ambiente	Inspección Medioambiental	Medio Ambiente	C1/C2	18	AE	FR06 ED TC PI	Carnet B	
1228	Técnico/a Medio de Control Financiero	Control Financiero y Fiscalización	Intervención General	A2	22	AG	FR09		Audit publica., contrat. admva, gest. presup., contab., personal y subvenciones
1252	Jefe de Caja	Tesorería General	Tesorería General	C1	20	AG	FR08 AP2 (QM)		F.A.G., At. Pub.
1253	Oficial de Caja	Tesorería General	Tesorería General	C1/C2	18	AG	FR07 AP2 (QM)		F.A.G., At. Pub.
1266	Jefe de Unidad	Recaudación	Tesorería General	A1/A2	22	AG	FR09 AP1		F.A.G., At. Pub.
1267	Jefe de Unidad	Recaudación	Tesorería General	A1/A2	22	AG	FR09 AP1		F.A.G., At. Pub.
1268	Administrativo	Recaudación	Tesorería General	C1	20	AG	FR06		F.A.G.
1304	Administrativo	Apoyo Administrativo de Tesorería General	Tesorería General	C1	20	AG	FR06		F.A.G.
1305	Administrativo	Apoyo Administrativo de Tesorería General	Tesorería General	C1	20	AG	FR06		F.A.G.
1379	Técnico/a Superior de Servicios Sociales	Centros y Programas de Servicios Sociales	Servicios Sociales	A1	24	AE	FR11		Nivel II.2-II.4 SS
1385	Técnico/a de Programas y Evaluación	Centros y Programas de Servicios Sociales	Servicios Sociales	A1	22	AG/AE	FR09		
1401	Técnico/a de Apoyo Social	Centros y Programas de Servicios Sociales	Servicios Sociales	A2	20	AE	FR09 JP AP1	R400	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1404	Técnico/a de Apoyo Social	Centros y Programas de Servicios Sociales	Servicios Sociales	A2	20	AE	FR09 JP AP1	R400	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1409	Técnico/a de Apoyo Social	Centros y Programas de Servicios Sociales	Servicios Sociales	A2	20	AE	FR09 JP AP1	R400	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1417	Técnico/a de Apoyo Social	Centros y Programas de Servicios Sociales	Servicios Sociales	A2	20	AE	FR09 JP AP1	R400	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1471	Trabajador/a Social	Acción Social	Acción Social	A2	20	AE	FR09 JP AP1	4223	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1472	Trabajador/a Social	Acción Social	Acción Social	A2	20	AE	FR09 JP AP1	4223	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1473	Trabajador/a Social	Acción Social	Acción Social	A2	20	AE	FR09 JP AP1	4223	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1475	Trabajador/a Social	Acción Social	Acción Social	A2	20	AE	FR09 JP AP1	4223	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1576	Técnico/a Medio de Urbanismo y Edificación	Oficina Técnica de Rehabilitación y Vivienda	Rehabilitación y Vivienda	A2	22	AE	FR09	4301-02;4306	
1584	Técnico/a Superior de Gestión	Apoyo a la Jefatura de Intervención	Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	A1	22	AG	FR10		
1587	Asistente de Administración	Apoyo a la Jefatura de Intervención	Intervención de la Edificación y	C1/C2	18	AG	FR06		F.A.G.

REF	POSTO	UNIDADE ORGANIZATIVA	SERVICIO	GR	NIVEL	ESC	ESPECÍFICO	REQUISITOS	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA
			Disciplina Urbanística						
1612	Técnico/a de Intervención de la Edificación	Oficina Técnica de Interv. Edif. y Disciplina Urb.	Intervención Edificación y Disc. Urban.	A1/A2	24	AE	FR11 ED	5301;4301;4306	
1623	Técnico/a Medio de Intervención de la Edificación	Oficina Técnica de Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	A2	20	AE	FR09	4301;4303;4306	
1624	Técnico/a Medio de Intervención de la Edificación	Oficina Técnica de Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	A2	20	AE	FR09	4301;4303;4306	
1636	Técnico/a Superior de Urbanismo y Edificac.	Oficina Técnica de Planeamiento	Planeamiento y Gestión	A1	24	AE	FR11	5301-02	
1638	Técnico/a Superior de Urbanismo y Edificac.	Oficina Técnica de Planeamiento	Planeamiento y Gestión	A1	22	AE	FR11	5301-02	
1645	Asistente de Administración	Gestión del Suelo	Planeamiento y Gestión	C1/C2	18	AG	FR06		F.A.G.
1646	Jefatura de Sección	Suelo de Gestión Directa	Planeamiento y Gestión	A1/A2	24	AG/AE	FR11 ED		
1647	Jefe de Unidad	Suelo de Gestión Directa	Planeamiento y Gestión	A2/C1	22	AG	FR09		F.A.G.
1653	Técnico/a Superior de Urbanismo y Edificac.	Oficina Técnica de Gestión del Suelo	Planeamiento y Gestión	A1	22	AE	FR11	5301-02	
1656	Técnico/a Superior de Gestión	Apoyo Administrativo de Planeamiento y Gestión	Planeamiento y Gestión	A1	22	AG	FR10		
1658	Técnico/a Superior de Gestión	Apoyo Administrativo de Planeamiento y Gestión	Planeamiento y Gestión	A1	22	AG	FR10		
1659	Técnico/a Superior de Gestión	Apoyo Administrativo de Planeamiento y Gestión	Planeamiento y Gestión	A1	22	AG	FR10		
1753	Administrativo/a	Apoyo Administrativo de Movilidad Urbana	Movilidad Urbana	C1	20	AG	FR06		F.A.G.
1789	Técnico/a Medio de Movilidad	Oficina Técnica de Movilidad Urbana	Movilidad Urbana	A2	20	AE	FR09	4301-02;4306	
1822	Topógrafo/a	Vías y Obras	Infraestructuras	A2	20	AE	FR09 TC	4310; Carnet B	
1828	Técnico Superior de Infraestructuras	Vías Públicas	Infraestructuras	A1	22	AE	FR10 ED	5302	
1829	Técnico Medio de Infraestructuras	Vías Públicas	Infraestructuras	A2	22	AE	FR09 ED	4301-03;4306;4310	
1879	Jefe de Unidad	Apoyo Técnico de Infraestructuras	Infraestructuras	A2/C1	22	AG	FR09		F.A.G.
1893	Jefe de Sección	Seguridad y Prevención de Infraestructuras	Infraestructuras	A1/A2	24	AG/AE	FR11	5301;5302;4301-4302;4306	C. Sup. P.R.L.
1894	Técnico/a Medio de Seguridad	Seguridad y Prevención de Infraestructuras	Infraestructuras	A2	20	AE	FR09	4301-02;4306	C. Sup. P.R.L.
1908	Jefe/a Topógrafo	Topografía	Infraestructuras	A2	22	AE	FR09 TC	4310; Carné B	
1949	Jefe de Unidad	Atención Ciudadana	Atención Ciudadana e Interior	A2/C1	22	AG	FR09 AP1		F.A.G., At. Pub.
1951	Jefe de Unidad	Atención Ciudadana	Atención Ciudadana e Interior	A2/C1	22	AG	FR09 AP1		F.A.G., At. Pub.
2094	Técnico de Informática	Apoyo a Informática	Informática	A1/A2	22	AE	FR09	5101;5305;4101;4305;R200;R500	
2095	Técnico de Informática	Apoyo a Informática	Informática	A1/A2	22	AE	FR09	5101;5305;4101;4305;R200;R500	
2099	Gestor/a de Proyectos Informáticos	Apoyo a Informática	Informática	A2/C1	22	AE	FR09	4305;313;R200;R500	
2123	Jefatura de Sección	Modernización de Procesos	Innovación y Desarrollo	A1/A2	24	AG/AE	FR11 ED		



REF	POSTO	UNIDADE ORGANIZATIVA	SERVICIO	GR	NIVEL	ESC	ESPECÍFICO	REQUISITOS	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA
			Tecnolóxico						
2130	Técnico Medio de Innovación Tecnolóxica	Innovación y Desarrollo Tecnolóxico	Innovación y Desarrollo Tecnolóxico	A2	22	AE	FR09 ED	4305;R500	
2142	Técnico/a Superior de Gestión	Proyect. y Estrategia con Fondos Europeos	Proyect. y Estrategia con Fondos Europeos	A1	22	AG	FR10		
2150	Técnico/a Superior de Gestión	Educación	Educación	A1	22	AG	FR10		
2156	Técnico/a Superior de Gestión	Apoyo a Informática	Informática	A1	22	AG	FR10		

En porén, revisadas as alegacións presentadas e a situación dos postos de traballo incluídos neste anexo é necesario realizar algunhas modificacións.

- Corríxese o erro material na descrición do posto con referencia 0209. No dito anexo o complemento específico do posto 0209 inclúe o factor de especial dedicación, cando segundo a RPT vixente o dito posto non ten incluído ese factor no complemento específico. As características do posto segundo a RPT refléxanse na seguinte táboa:

REF.	POSTO	UNIDADEE ORGAN.	SERVIZO	GR.	NIVEL	ESCALA	ESPECÍFICO	REQUISITOS
0209	Técnico/a Superior de Promoción Económica	Promoción Económica	Emprego e Empresa	A1	22	AE	FR10	

- Corríxese o erro material na descrición do posto con referencia 1200 xefatura de sección de Inspección Ambiental do Servizo de Medio Ambiente. No dito anexo o posto 1200 figura adscrito á escala de administración xeral, cando segundo a RPT vixente o dito posto está adscrito á escala de administración especial. As características do posto segundo a RPT refléxanse na seguinte táboa:

REF.	POSTO	UNIDADEE ORGAN.	SERVIZO	GR.	NIVEL	ESCALA	ESPECÍFICO	REQUISITOS
1200	Xefe/a de Sección	Inspección Medioambiental	Medio Ambiente	A1/A2	24	AE	FR11 ED	5101-02;5105;5107;5302;4303;4308. Carnet B

- Corríxese o erro material na descrición dos postos con referencia 0080, 0084, 0087 e 0088, xestor/a económico-orzamentario/a. No dito anexo os devanditos postos figuran adscritos ao subgrupo A2, cando segundo a RPT vixente os ditos postos están adscritos ao subgrupo A1/A2. As características dos postos segundo a RPT refléxanse na seguinte táboa:

REF.	POSTO	UNIDADEE ORGAN.	SERVIZO	GR.	NIVEL	ESCALA	ESPECÍFICO	REQUISITOS
0080	Xestor/a Económico-Orzamentario/a	Orzamentos e Estudos Económicos	Orzamentos e Estudos Económicos	A1/A2	22	AX	FR09 ED	
0084	Xestor/a Económico-Orzamentario/a	Orzamentos e Estudos Económicos	Orzamentos e Estudos Económicos	A1/A2	22	AX	FR09 ED	
0087	Xestor/a Económico-Orzamentario/a	Orzamentos e Estudos Económicos	Orzamentos e Estudos Económicos	A1/A2	22	AX	FR09 ED	
0088	Xestor/a Económico-Orzamentario/a	Orzamentos e Estudos Económicos	Orzamentos e Estudos Económicos	A1/A2	22	AX	FR09 ED	

- Elimínase da relación de postos ofertados, incluída no anexo da resolución do 03/01/2024, o posto con referencia 1253, oficial de caixa, por estar ocupado en adscrición definitiva por unha funcionaria de carreira.
- Elimínase da relación de postos ofertados, incluída no anexo da resolución do 03/01/2024, o posto con referencia 1409, técnico/a de apoio social, por estar ocupado por unha funcionaria interina.
- Elimínase da relación de postos ofertados, incluída no anexo da resolución do 03/01/2024, o posto con referencia 1471, traballador/a social, por estar ocupado por unha funcionaria interina.
- Elimínase da relación de postos ofertados, incluída no anexo da resolución do 03/01/2024, o posto con referencia 2095, técnico/a de informática, por estar ocupado en adscrición definitiva por un funcionario de carreira.
- Elimínase da relación de postos ofertados, incluída no anexo da resolución do 03/01/2024, o posto con referencia 1828, técnico/a superior de infraestruturas, por non existir na RPT vixente. Este posto foi amortizado na última modificación da RPT aprobada pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 11/10/2023 (BOP núm. 199 do 18/10/2023).

Terceira.- A base terceira do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo no Concello da Coruña C.E. 1/19 (BOP núm. 107, do 7/06/2019) establece *que “o persoal funcionario que o desexen poderán solicitar, no prazo especialmente habilitado a este efecto, os postos que poidan resultar vacantes a consecuencia da adxudicación dos postos ofertados no Anexo I. A adxudicación dun posto en resultas está condicionada a que o solicitante non obteña ningún dos postos convocados no Anexo I.”*

Por tanto, unha vez rematada a primeira fase do concurso e adxudicados os postos ofertados no Anexo I da convocatoria, procede convocar a fase de resultas, coa inclusión dos postos ofertados nela, abrindo un prazo de solicitude de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no DOG, para que o persoal funcionario que participase na primeira fase e que non se lle adxudicase un posto de traballo con carácter definitivo, poida solicitar os postos ofertados na fase de resultas.

Estas solicitudes realizaranse segundo o establecido nas bases da convocatoria.



Cuarta.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/07/2023, atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao concelleiro delegado de Economía e Planificación Urbana.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana por delegación da Xunta de Goberno Local do 05/07/2023 (BOP núm. 131 do 11/07/2023), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

Primeiro.- Resolver as alegacións presentadas durante o trámite de audiencia de apertura da fase de resultas, acordado mediante resolución, de data 03/01/2024, do concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, nos termos sinalados no antecedente cuarto. As resolucións de trámite das devanditas alegacións serán notificadas individualmente ás persoas alegantes.

Segundo.- Corrixir o anexo de postos incluído na resolución, de data 03/01/2024, do concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, publicada na mesma data no xestor de contidos Alfresco e na páxina web municipal www.coruna.gal, nos termos sinalados na consideración segunda.

Terceiro.- Convocar a fase de resultas do concurso ordinario de provisión de postos de traballo C.E. 1/19 nos termos establecidos nas bases da convocatoria do dito procedemento aprobadas, mediante resolución da concelleira delegado de Facenda e Administración, de data 24/05/2019 (BOP núm. 107, do 7/06/2019).

Poderán presentar solicitude, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, o persoal funcionario que participase na primeira fase e que non se lle adxudicase un posto de traballo con carácter definitivo. Quedan excluídas da participación nesta fase o persoal que, atopándose en adscrición provisional, non cumprira a obriga de solicitar todos os postos que fosen adecuados ao seu corpo, categoría ou escala, dos ofertados no Anexo I da primeira fase do concurso ordinario C.E. 1/19.

Os postos ofertados na fase de resultas inclúense no anexo deste documento.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados desde o día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria no DOG. Estas solicitudes realizaranse segundo o establecido nas bases da convocatoria.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas

ANEXO

RELACIÓN DE POSTOS OFERTADOS FASE DE RESULTAS CONCURSO ORDINARIO C.E. 1/19

REF.	POSTO	UNIDADE ORGAN.	SERVIZO	GR.	NIVEL	ESCALA	ESPECÍFICO	REQUISITOS	FORM. COMP.
0067	Xefe/a de Unidade	Asesoría Xurídica	Asesoría Xurídica	A2/C1	22	AX	FR09		F.A.G.
0075	Técnico/a de Coordinación e Avaliación	Orzamentos e Estudos Económicos	Orzamentos e Estudos Económicos	A1/A2	24	AX/AE	FR10 ED		
0080	Xestor/a Económico-Orzamentario/a	Orzamentos e Estudos Económicos	Orzamentos e Estudos Económicos	A1/A2	22	AX	FR09 ED		
0084	Xestor/a Económico-Orzamentario/a	Orzamentos e Estudos Económicos	Orzamentos e Estudos Económicos	A1/A2	22	AX	FR09 ED		
0087	Xestor/a Económico-Orzamentario/a	Orzamentos e Estudos Económicos	Orzamentos e Estudos Económicos	A1/A2	22	AX	FR09 ED		
0088	Xestor/a Económico-Orzamentario/a	Orzamentos e Estudos Económicos	Orzamentos e Estudos Económicos	A1/A2	22	AX	FR09 ED		
0109	Técnico/a Superior de Xestión	Facenda	Xestión Tributaria	A1	22	AX	FR10		
0148	Inspector/a de Tributos	Inspección Tributos	Xestión Tributaria	A1	24	AX	FR11 PI		
0173	Técnico/a Medio de Recursos Humanos	Administración de RR.HH.	Recursos Humanos	A2	20	AE	FR09 ED	4205;4221-22	
0205	Técnico/a Medio de Coordinación de Programas	Emprego	Emprego e Empresa	A2	20	AE	FR09		
0207	Xefe/a de Departamento	Promoción Económica	Emprego e Empresa	A1/A2	26	AX/AE	FR12 ED		
0209	Técnico/a Superior de Promoción Económica	Promoción Económica	Emprego e Empresa	A1	22	AE	FR10		
0212	Técnico/a Local de Emprego	Promoción Económica	Emprego e Empresa	A2	20	AE	FR09		
0259	Xefe/a de Departamento	Obra e Concesións de Obras	Contratación	A1/A2	26	AX/AE	FR12 ED		
0262	Xefe/a de Unidade	Apoio Administrativo a la Xefatura de Contratación	Contratación	A2/C1	22	AX	FR09		F.A.G.
0330	Director/a de Exposicións e Coleccións	Exposicións e Coleccións	Cultura e Memoria Histórica	A1/A2	24	AE	FR11 ED	5401-04;4403-04	
0399	Director/a Adxunto/a de Biblioteca	Bibliotecas	Bibliotecas	A1/A2	22	AE	FR10 ED		Nivel III BM



Concello da Coruña

REF.	POSTO	UNIDADE ORGAN.	SERVIZO	GR.	NIVEL	ESCALA	ESPECÍFICO	REQUISITOS	FORM. COMP.
0404	Técnico/a Medio de Biblioteca	Bibliotecas	Bibliotecas	A2	20	AE	FR09 JP AP1		Nivel II BM
0504	Xefe/a de Administración de Museos Científicos	Xestión Administrativa de Museos Científicos	Museos Científicos	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED		Idiomas
1110	Administrativo/a	Seguridade Cidadá	Seguridade Cidadá	C1	20	AX	FR06		F.A.G.
1118	Xefe/a de Sección	Xestión Administrativa de Medio Ambiente	Medio Ambiente	A1/A2	24	AX	FR11 ED		
1119	Técnico/a Superior de Xestión	Xestión Administrativa de Medio Ambiente	Medio Ambiente	A1	22	AX	FR10		
1197	Técnico/a de Medio ambiente	Proxectos	Medio Ambiente	A2	22	AE	FR09	4301;4303;4306	
1200	Xefe/a de Sección	Inspección Medioambiental	Medio Ambiente	A1/A2	24	AE	FR11 ED		5101-02;5105;5107;5302;4303;4308. Carnet B
1210	Inspector/a Adxunto/a de Medio Ambiente	Inspección Medioambiental	Medio Ambiente	C1/C2	18	AE	FR06 ED TC PI	Carnet B	
1228	Técnico/a Medio de Control Financeiro	Control Financeiro y Fiscalización	Intervención Xeral	A2	22	AX	FR09		Audit pública., contrat. admva, gest. presup., contab., personal y subvencion es
1252	Xefe/a de Caixa	Tesourería Xeral	Tesourería Xeral	C1	20	AX	FR08 AP2 (QM)		F.A.G., At. Pub.
1266	Xefe/a de Unidade	Recadación	Tesourería Xeral	A2/C1	22	AX	FR09 AP1		F.A.G., At. Pub.
1267	Xefe/a de Unidade	Recadación	Tesourería Xeral	A2/C1	22	AX	FR09 AP1		F.A.G., At. Pub.
1268	Administrativo/a	Recadación	Tesourería Xeral	C1	20	AX	FR06		F.A.G.
1304	Administrativo/a	Apoio Administrativo de Tesourería Xeral	Tesourería Xeral	C1	20	AX	FR06		F.A.G.
1305	Administrativo/a	Apoio Administrativo de Tesourería Xeral	Tesourería Xeral	C1	20	AX	FR06		F.A.G.
1379	Técnico/a Superior de Servizos Sociais	Centros y Programas de Servizos Sociais	Servizos Sociais	A1	24	AE	FR11		Nivel II.2-II.4 SS
1385	Técnico/a de Programas y Avaliación	Centros y Programas de Servizos Sociais	Servizos Sociais	A1	22	AX/AE	FR09		

REF.	POSTO	UNIDADE ORGAN.	SERVIZO	GR.	NIVEL	ESCALA	ESPECÍFICO	REQUISITOS	FORM. COMP.
1401	Técnico/a de Apoio Social	Centros y Programas de Servizos Sociais	Servizos Sociais	A2	20	AE	FR09 JP AP1	R400	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1404	Técnico/a de Apoio Social	Centros y Programas de Servizos Sociais	Servizos Sociais	A2	20	AE	FR09 JP AP1	R400	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1417	Técnico/a de Apoio Social	Centros y Programas de Servizos Sociais	Servizos Sociais	A2	20	AE	FR09 JP AP1	R400	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1472	Traballador/a Social	Acción Social	Acción Social	A2	20	AE	FR09 JP AP1	4223	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1473	Traballador/a Social	Acción Social	Acción Social	A2	20	AE	FR09 JP AP1	4223	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1475	Traballador/a Social	Acción Social	Acción Social	A2	20	AE	FR09 JP AP1	4223	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1576	Técnico/a Medio de Urbanismo y Edificación	Oficina Técnica de Rehabilitación y Vivenda	Rehabilitación y Vivenda	A2	22	AE	FR09	4301-02;4306	
1584	Técnico/a Superior de Xestión	Apoio a la Xefatura de Intervención	Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	A1	22	AX	FR10		
1587	Asistente de Administración	Apoio a la Xefatura de Intervención	Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	C1/C2	18	AX	FR06		F.A.G.
1612	Técnico/a de Intervención de la Edificación	Oficina Técnica de Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	A1/A2	24	AE	FR11 ED	5301;4301;4306	
1623	Técnico/a Medio de Intervención de la Edificación	Oficina Técnica de Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	A2	20	AE	FR09	4301;4303;4306	
1624	Técnico/a Medio de Intervención de la Edificación	Oficina Técnica de Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	A2	20	AE	FR09	4301;4303;4306	
1636	Técnico/a Superior de Urbanismo y Edificación	Oficina Técnica de Planeamento	Planeamento e Xestión	A1	24	AE	FR11	5301-02	
1638	Técnico/a Superior de Urbanismo y Edificación	Oficina Técnica de Planeamento	Planeamento e Xestión	A1	22	AE	FR11	5301-02	
1645	Asistente de Administración	Xestión del Solo	Planeamento e Xestión	C1/C2	18	AX	FR06		F.A.G.
1646	Xefe/a de Sección	Solo de Xestión Directa	Planeamento e Xestión	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED		
1647	Xefe/a de Unidade	Solo de Xestión Directa	Planeamento e Xestión	A2/C1	22	AX	FR09		F.A.G.



Concello da Coruña

REF.	POSTO	UNIDADE ORGAN.	SERVIZO	GR.	NIVEL	ESCALA	ESPECÍFICO	REQUISITOS	FORM. COMP.
1653	Técnico/a Superior de Urbanismo y Edificación	Oficina Técnica de Xestión del Solo	Planeamento e Xestión	A1	22	AE	FR11	5301-02	
1656	Técnico/a Superior de Xestión	Apoio Administrativo de Planeamento e Xestión	Planeamento e Xestión	A1	22	AX	FR10		
1658	Técnico/a Superior de Xestión	Apoio Administrativo de Planeamento e Xestión	Planeamento e Xestión	A1	22	AX	FR10		
1659	Técnico/a Superior de Xestión	Apoio Administrativo de Planeamento e Xestión	Planeamento e Xestión	A1	22	AX	FR10		
1753	Administrativo/a	Apoio Administrativo de Mobilidade Urbana	Mobilidade Urbana	C1	20	AX	FR06		F.A.G.
1789	Técnico/a Medio de Mobilidade	Oficina Técnica de Mobilidade Urbana	Mobilidade Urbana	A2	20	AE	FR09	4301-02;4306	
1822	Topógrafo/a	Vías y Obras	Infraestruturas	A2	20	AE	FR09 TC	4310;Carnet B	
1829	Técnico/a Medio de Infraestruturas	Vías Públicas	Infraestruturas	A2	22	AE	FR09 ED	4301-03;4306;4310	
1879	Xefe/a de Unidade	Apoio Técnico de Infraestruturas	Infraestruturas	A2/C1	22	AX	FR09		F.A.G.
1893	Xefe/a de Sección	Seguridade e Prevención de Infraestruturas	Infraestruturas	A1/A2	24	AE	FR11	5301;5302;4301-4302;4306	C. Sup. P.R.L.
1894	Técnico/a Medio de Seguridade	Seguridade e Prevención de Infraestruturas	Infraestruturas	A2	20	AE	FR09	4301-02;4306	C. Sup. P.R.L.
1908	Xefe/a Topógrafo/a	Topografía	Infraestruturas	A2	22	AE	FR09 TC	4310;Carnet B	
1949	Xefe/a de Unidade	Atención Cidadá	Atención Cidadán e Interior	A2/C1	22	AX	FR09 AP1		F.A.G.; At. Pub.
1951	Xefe/a de Unidade	Atención Cidadá	Atención Cidadán e Interior	A2/C1	22	AX	FR09 AP1		F.A.G.; At. Pub.
2094	Técnico/a de Informática	Apoio a Informática	Informática	A1/A2	22	AE	FR09	5101;5305;4101;4305;R200;R500	
2099	Xestor/a de Proxectos Informáticos	Apoio a Informática	Informática	A2/C1	22	AE	FR09	4305;313;R200;R500	
2123	Xefe/a de Sección	Modernización de Procesos	Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico	A1/A2	24	AX/AE	FR11 ED		

REF.	POSTO	UNIDADE ORGAN.	SERVIZO	GR.	NIVEL	ESCALA	ESPECÍFICO	REQUISITOS	FORM. COMP.
2130	Técnico/a Medio de Innovación Tecnolóxica	Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico	Innovación e Desenvolvemento tecnolóxico	A2	22	AE	FR09 ED	4305;R500	
2142	Técnico/a Superior de Xestión	Proxectos e Estratexias con Fondos Europeos	Proxectos e Estratexias con Fondos Europeos	A1	22	AX	FR10		
2150	Técnico/a Superior de Xestión	Educación	Educación	A1	22	AX	FR10		
2156	Técnico/a Superior de Xestión	Apoio a Informática	Informática	A1	22	AX	FR10		